



ESCAPE ROOM

O MAR
PROXECTO DE CENTRO
2021-22

Lecturamos

LECTURAMOS
O BLOGUE DA
BIBLIOTECA E EDL

MARE MAGNUM


Escape Room: Abordaxe pirata

Na mañá do 21 de decembro de 2021 o IES MUGARDOS foi abordado por uns temibles piratas que con sorprendente facilidade, despois de reducir ao capitán e ao segundo de abordo fixéronse co control e confinaron a toda a tripulación nos seus camarotes.

Dezaseis atroces piratas, os máis famosos da historia, sumaron forzas para levar a cabo esta empresa. Aí estaban piratas tan coñecidos como John Roberts, William Kid ou Edward Low gabándose fachendosos da súa conquista.

As vidas do capitán e do segundo de abordo estaban en perigo e a súa salvación en mans da tripulación. Os piratas esixiron a elección dun representante por camarote para poder negociar e deixaron moi claro o que tiñan que facer: era preciso resolver unha serie de enigmas, uns propostos por eles mesmos e outros propostos por varios departamentos, que os irían levando, nunha virtual navegación de cabotaxe, polo Golfo Ártabro recalando nuns puntos determinados da costa.

A peculiar navegación empezaría en Mugardos e remataría na Illa Mourón pasando por Prioriño Grande, Prioriño Chico, O Segao, Coitelada...



*Con diez cañones por banda,
viento en popa, a toda vela,
no corta el mar, sino vuela
un velero bergantín.*

*Bajel pirata que llaman,
por su bravura, El Temido,
en todo mar conocido
del uno al otro confín.*

*La luna en el mar riela
en la lona gime el viento,
y alza en blando movimiento,
olas de plata y azul;
y va el capitán pirata,
cantando alegre en la popa,
Asia a un lado, al otro Europa,
y allá a su frente Estambul.*

Un asalto en toda regla



O tempo apremaba aos que, coitados, trataban desesperadamente de resolver eses enigmas. Algunxs piratas, en contra do esperado, ían amosando certa compaixón que se traducía na facilitación dalguna pista para poder resolver os enigmas.

Nun momento determinado, todo se fixo un pouco máis confuso coa oscura presenza de Darth Vader quen contribuíu coa sua proposta a aumentar a aflición do xa atribulado auditorio.

A nosa tripulación non desfaleceu e así, houbo quien foi capaz de superar todas as probas. A liberación viuse próxima.

Despois de resolver todos os enigmas e marcar o trazado da navegación foi posible, tras calcar ese trazado e superpoñelo nunha folla chea de nomes de piratas, localizar o nome do primeiro pirata da historia. Sería aquel que aparecese debaixo do punto que no mapa se correspondía coas Illas Mirandas. A chave para saír do encerro estaba aí, fácil de atopar. POLÍCRATES era o nome dese famoso pirata.

ous camarotes foron liberados case ao mesmo tempo: 4º A e 4º B pero áinda había unha derradeira proba: localizar na



biblioteca o poema "A canción do pirata", lelo con atención, identificar as tres cores que se mencionan nel e atopar, dentro da biblioteca, esa combinación de cores que agochaba a chave que por fin liberaría ao capitán e ao segundo. Foron instantes de moitos nervios, pero os representantes de 4º B, despois dunha desesperada busca, lograron atopar a ansiada chave. E así rematou felizmente todo, e podemos asegurar que o noso barco segue a súa travesía e ten claro o seu rumbo. En canto aos piratas... habelos hailos

Gañadores



Aquí temos aos gañadores da proba: a clase de 4 ESO B foi a primeira en completar os retos e atopar a chave para saír da aula.


Moi preto estivo a clase de 4 ESO A, seguida pola clase de 3 ESO. Parabens a todos.

Os nosos piratas

Non faltaron os piratas más sanguentos da historia como Barbanegra, os




irmáns Barbarroxa, Anne Bonny, Jack "Calico", Ching Shih ou Black Sam. Todos piratas reais que foron un pesadelo para algúns



Materiais

Materiais preparados por algúns departamentos nos que combinando enigmas repasábamos algúns contidos da primeira avaliación



Materiais para a proba final na que repasamos o perfil da nosa costa e atopamos ó primeiro pirata da historia




Escape Room

MARE MAGNUM

Podcast

No podcast “**Música e mar**” escotaremos




como a música é capaz de achegarnos á beira da praia para escotitar o batir tranquilo das ondas, emocionarnos co

misterioso canto dunha serea ou sobrecollorenos co furor dunha tempestade.

PODCAST

A MÚSICA E O MAR (I)

Revisiónalgúns fragmentos de música clásica inspirada no mar (alumnado de LPM, 1º Bacharelato)



Pintura



A balsa da Medusa

Théodore Géricault empezou a traballar nel en 1818 e tardou máis dun ano en completalo, realizando unha obra que, co seu tráxico realismo anatómico e expresivo, é recoñecida como unha icona do Romanticismo francés. Neste caso, a natureza non é unha potencia xeradora, senón destrutora. A ela sucumbe un ser humano que xa non pode dominala: o mar, dun intenso verde que contrasta coa palidez dos personaxes, desátase nunha tempestade de ondas devoradoras contra os naufragos, que son presa da dor e a desesperación.




NOEMÍ ABEAL PAYO

Club de lectura



Ola, chámome Noemí e son unha alumna de 2 ESO A. Asisto ao club de lectura dende que entrei no Instituto e sinceramente, encántame! Nas reunións lemos fragmentos de distintas obras e ademais aprendemos moito léxico. Tamén comentamos estes textos con Begoña. É moi divertido e aprendemos moito! Esta semana limos "**O conto de Nadal de Auggie Wren**" de **Paul Auster**. A verdade é que pareceume unha historia complexa de entender ao principio pero cando reflexionas enténdese moito mellor. Ademais resulta unha historia moi orixinal e conta con dous narradores (un en terceira persoa e outro en primeira). Relata a amizade entre un estanqueiro

de Brooklyn, Auggie Wren, e un escritor, Paul, que acude a miúdo a súa tenda para mercar cigarros. Ao escritor lle encargan un conto de Nadal para o New York Times e a este non lle gusta o Nadal e lle pide axuda a Auggie, que lle conta unha historia sobre o Nadal que lle xurdiu a el. A historia non se sabe se é certa ou non, pero como di Paul, "mentres haia unha persoa que a crea, non hai ningunha historia que non poda ser certa". O final é moi misterioso e da lugar a moitas interpretacións.



Poemas con emojis



*Con diez cañones por banda,
viento en popa, a toda vela,
no corta el mar, sino vuela
un bergantín.*

*Bajel pirata que llaman,
por su bravura, El Temido,
en todo mar conocido
del uno al otro confín.*

Con 10 cañones ✗ banda

💡 en popa, a toda 🚤

no ✏️ el 🚤, sino ✗

un 🚤 bergantín.

🚢 que 🙌

✗ su bravura, El Temido ✗ 😰

en todo 🚤 conocido

del 🤝 al 🤝 confín.

Manda o poema de Rosalía (versión escrita e versión con emojis en formato pdf) a concursosiesmugardos@gmail.com

indicando o teu nome e apelidos e o teu grupo/clase antes do 20 de febreiro

Simulacro de evacuación



O día 17 de decembro tivemos un simulacro de evacuación e, áinda que houbo algún que outro despiste, todo saíu á perfección

24 DE FEBREIRO

DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

CONCURSO DE POEMAS CON EMOJIS

Escribir un poema de Rosalía empregando os emojis que prefiras.

Só tes que ter en conta que non puedes cambiar o significado do texto. Podes sustituir avón reforzar o significado das palabras do poema.

Envío o poema de Rosalía que prestas a concursosiesmugardos@gmail.com. Versión escrita e versión con emojis, en formato pdf.

Antes do 20 de febreiro. Indica nome, apelidos e grupo de informática.

Recibirás un premio de e unha publicación do poema.

Participa no concurso que propón a Biblioteca e o equipo de Dinamización:

reescribe un poema de Rosalía empregando os **emojis** que prefiras. Só tes que ter en conta que non puedes cambiar o significado do texto (mira o exemplo da esquerda: podes **sustituir e/ou reforzar o significado das palabras** do poema)